

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 9188** *Orde PRE/1597/2014, do 5 de setembro, pola que se establecen as contías e se ditan normas sobre a xestión e o cobramento da taxa por subministración de información ambiental no ámbito da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.*

A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, establece un marco xurídico acorde cos compromisos asumidos por España coa ratificación do Convenio da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas sobre acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus o 25 de xuño de 1998 (Convenio de Aarhus) e incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE do Consello, e a Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación do público e ao acceso á xustiza, as directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello que, pola súa vez, incorporan de maneira harmonizada, para o conxunto da Unión Europea, entre outras, as obrigacións correspondentes ao acceso á información en materia de ambiente.

No contexto descrito, a citada lei crea, na súa disposición adicional primeira, a taxa por subministración de información ambiental, para a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, que se rexerá por tal disposición e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

O mesmo precepto establece que constitúe o feito impositivo da taxa a reprodución e o envío de documentos pola Administración xeral do Estado ou polos seus organismos públicos, en calquera soporte material, con información ambiental dispoñible en fondos documentais da Administración xeral do Estado, cando a solicitude desa actividade non sexa voluntaria ou non a preste ou realice o sector privado, e engade que non estarán suxeitos á taxa o exame *in situ* da información solicitada e o acceso a calquera lista ou rexistro creado e mantido nos termos previstos no artigo 5.3 c) da Lei 27/2006, do 18 de xullo. Así mesmo, determina quen son os suxeitos pasivos da taxa, regula cuestións relativas á súa devindicación e ao seu pagamento e establece os supostos subxectivos e obxectivos que quedan exentos do seu aboamento.

O número 7 da citada disposición adicional expresa que o establecemento e a modificación do importe da taxa se poderán efectuar mediante orde ministerial e que se tomarán como elementos de cuantificación daquel o custo dos materiais utilizados como soporte da información que se vaia subministrar e o custo do envío da información solicitada.

Non obstante o anterior, non se desenvolveron, ata o momento, medidas para fixar as contías, o que deu lugar á aplicación, na subministración de información ambiental, de taxas establecidas pola prestación dalgúns servizos xestionados por centros directivos e organismos públicos dependentes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, distintos do de facilitar o dito tipo de información, que implicaba nalgúns casos custos excesivos que non están de acordo co espírito da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Esta disposición ten, pois, por obxecto establecer as contías da taxa de subministración de información ambiental creada pola Lei 27/2006, do 18 de xullo,

debidamente adecuadas aos principios e aos criterios de cuantificación que nese texto legal se recollen.

Na elaboración desta norma foron consultadas as entidades representativas dos sectores afectados e someteuse a información pública e ao informe do Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e de Facenda e Administracións Públicas, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo 1. Contías da taxa por subministración da información ambiental para a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.*

De acordo co previsto na disposición adicional primeira da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, apróbanse as contías da taxa por subministración da información ambiental para a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, que son as que figuran no anexo I desta norma.

*Artigo 2. Xestión da taxa.*

1. A xestión da taxa efectuarana en cada caso os servizos competentes do ministerio ou organismo que deba subministrar a información de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, e adaptarse ao establecido nos números seguintes.

2. Recibida a solicitude de información ambiental e determinados os elementos necesarios para calcular a taxa (número de documentos que se teñen que fotocopiar, superficie de planos que se teñen que reproducir etc.), ben porque o suxeito pasivo os concrete na súa petición, ben porque, ante unha solicitude xenérica, se poidan determinar no momento da súa recepción coa colaboración do órgano xestor, este notificará no prazo máximo de quince días a correspondente liquidación en impreso oficial axustado aos modelos contidos na Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 4 de xuño de 1998, pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda pública a que se fai referencia no anexo II desta orde.

3. O órgano xestor notificará a liquidación ao suxeito pasivo de forma fidedigna, co fin de que quede constancia da data a partir da cal aquel pode realizar o pagamento da taxa.

4. O pagamento da taxa realizarase conforme o disposto no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e demais normativa aplicable para o efecto.

5. O pagamento en período voluntario efectuarase nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

6. Unha vez pagada a taxa e acreditado o seu aboamento, facilitarase a información solicitada dentro dos prazos establecidos no artigo 10 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

7. De acordo co disposto no artigo 42.5.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para subministrar a información solicitada suspenderase polo tempo comprendido entre o día en que se inicie o período de pagamento voluntario da taxa e aquel en que efectivamente quede acreditada a realización de tal pagamento ante a unidade tramitadora da información, ambos inclusive.

8. Mediante resolución do subsecretario do Departamento Ministerial ou do director ou presidente do organismo público correspondente, poderase establecer que o pagamento da taxa se poida efectuar de acordo coas condicións previstas na Orde HAC/729/2003, do 28 de marzo, pola que se establecen os supostos e as condicións xerais para o pagamento por vía telemática das taxas que constitúen recursos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

*Artigo 3. Depósito previo.*

1. Cando no momento da solicitude de información a contía exigible non se poida determinar pola imposibilidade de concretar, tanto por parte do petionario como da Administración, os documentos que se deben reproducir, exixirase un depósito previo do 80 por cento do importe da taxa na data en que se efectúe a liquidación, con carácter estimativo e á conta da liquidación que se practique.

2. O importe deste depósito deberá ser notificado polo órgano xestor no prazo máximo de dez días desde a presentación da solicitude e a forma da notificación e o seu aboamento ateranse ao disposto nos números 3 e 4 do artigo anterior.

3. Unha vez pagado o depósito e acreditado o seu aboamento, o órgano xestor tramitará a información solicitada e facilitará ao suxeito pasivo os novos datos de que dispoña que permitan efectuar a liquidación definitiva da taxa. Pagado o seu importe e acreditado o aboamento, o órgano xestor facilitará a información solicitada nos prazos mencionados no número 6 do artigo anterior.

4. De acordo co disposto no artigo 42.5.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o prazo máximo para subministrar a información solicitada suspenderase polo tempo comprendido entre o día en que o suxeito pasivo reciba a notificación da contía do depósito previo e aquel en que efectivamente quede acreditado o seu pagamento ante a unidade tramitadora da información, ambos inclusive, e polo tempo comprendido entre o día en que o suxeito pasivo reciba a notificación da liquidación definitiva e aquel en que efectivamente quede acreditado o seu aboamento ante a unidade tramitadora da información, ambos inclusive.

*Disposición adicional primeira. Cantidades indebidamente ingresadas.*

1. En caso de que proceda a devolución do importe da taxa ou do depósito previo constituído, conforme o disposto no número 4 da disposición adicional primeira da Lei 27/2006, do 18 de xullo, o órgano xestor expedirá de oficio, unha vez coñecida esta circunstancia e no prazo de dez días, un certificado que porá á disposición do suxeito pasivo, na cal se faga constar que non se realizou o feito imponible por causas non imputables a aquel, así como a procedencia da devolución da cantidade indebidamente ingresada.

2. Así mesmo, este certificado poderá ser requirido polo suxeito pasivo se, transcorridos os prazos legalmente establecidos para facilitar a información a que se refiren os números 6 e 7 do artigo 2 desta orde, aquela non se recibiu e o solicitante perdeu interese na súa obtención nesa concreta ocasión, sen prexuízo dunha nova solicitude posterior. Este certificado deberá ser expedido, así mesmo, no prazo de dez días.

*Disposición adicional segunda. Axencia Estatal de Meteoroloxía.*

A subministración de información que conste en poder da Axencia Estatal de Meteoroloxía rexerese pola súa normativa específica.

*Disposición adicional terceira. Inaplicabilidade das taxas.*

Nos casos de información suxeita á Lei 27/2006, do 18 de xullo, non se aplicarán os seguintes conceptos previstos nas normas que a continuación se expresan:

a) Decreto 140/1960, do 4 de febreiro, polo que se valida a taxa por informes e outras actuacións:

1.º Artigo 4.A1: busca de asuntos arquivados. 1,38 euros.

2.º Artigo 4.F: por copias de documentos mecanografados e copias de planos. 5,11 euros.

b) Real decreto 735/1993, do 14 de maio, polo que se acorda a aplicación e se desenvolve a regulación das taxas por prestacións de servizos e realizacións de actividades en materia de dominio público marítimo-terrestre.

Artigo 4 d). 2.º Por copias de documentos: 1,50 euros por folia.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor no prazo de dous meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de setembro de 2014.– A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.

## ANEXO I

### Contías das taxas

#### *Taxa por subministración de información ambiental*

Por cada fotocopia en branco e negro (DIN A4). A partir da vixésima (dezanove primeiras páxinas exentas) . . . . .	0,03 euros/páxina.
Por cada fotocopia en branco e negro (DIN A3). . . . .	0,04 euros/páxina.
Por cada fotocopia en cor (DIN A4). A partir de 20 páxinas . . . . .	0,12 euros/páxina.
Por cada fotocopia en cor (DIN A3) . . . . .	0,25 euros/páxina.
Po cada m <sup>2</sup> de plano en branco e negro . . . . .	0,42 euros.
Po cada m <sup>2</sup> de plano en cor . . . . .	1,10 euros.
Por cada DVD-R ou DVD+R . . . . .	0,61 euros.
Por cada DVD RW . . . . .	0,87 euros.
Por cada envío local . . . . .	2,30 euros de tarifa adicional.
Por cada envío nacional . . . . .	4,33 euros de tarifa adicional.
Por cada envío internacional . . . . .	6,37 euros de tarifa adicional.

## ANEXO II

### Documentos de ingreso

A liquidación da taxa formalizarase nos correspondentes documentos de ingreso, que se deberán axustar aos modelos que figuran no anexo III da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 4 de xuño de 1998, pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda pública, que a continuación se especifican:

Modelo 990, anexo II.A. Para taxas liquidadas por órganos dos departamentos ministeriais.

Modelo 991, anexo II.B. Para taxas liquidadas por organismos autónomos.